



PROTOCOLOS REACTIVACIÓN ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA ver. 4 - 050121

COMITÉ ESTRATEXÍAS FRONTE AO Covid/19

Federación Galega de JUDO e Deportes Asociados



... NON nos paramos.









**HIXIENE e SAÚDE
STAFF e DEPORTISTAS**



**FORMACIÓN
INSTALACIÓNS**







COMITÉ ESTRATEXIAS Covid-19

COMITÉ ESTRATEXÍAS FRONTE AO Covid-19

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com
Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña) – 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758 FAX 981.132440



PRESIDENTE	MARIO M. MUZAS COBO	PRESIDENTE FGJUDO
DIRECTOR COMITÉ	EDUARDO GALÁN PALLA	VICEPRESIDENTE 1º FGJUDO
COORDINADOR Protocolo Federativo	JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ GENDE	ASESOR EXECUTIVO FGJUDO Responsable Secretaría Deportiva
COMISIÓN	COORDINADOR-A	TÉCNICAS-OS
STAFF – DEPORTISTAS (Actividades Deportivas)	CARLOS MONTERO CARRETERO Doutor CC Actividade Física e Deporte	MARCIAL ROMERO AZPITARTE Técnico Deportivo Superior Judo JOSÉ R. LÓPEZ GACIO Técnico Deportivo Superior Judo
FORMACIÓN	JOSÉ M. GARCÍA GARCIA Doutor CC Actividade Física e Deporte Decano Facultade Cast/Mancha	JUAN J. RODRÍGUEZ GENDE Ldo. CC Actividade Física e Deporte CANDELA FERNÁNDEZ SÁNCHEZ Lda. CC Actividade Física e Deporte
INSTALACIONES (Promoción)	ÓSCAR PEÑAS GARCÍA Ldo. CC Actividade Física e Deporte	MONICA PACHECO LOMBA Técnico Deportivo Superior Judo VÍCTOR GÓMEZ FERNÁNDEZ Técnico Deportivo Superior Judo JONATHAN IMEDIO RODRÍGUEZ Ldo. CC Actividade Física e Deporte
HIXIENE – SAÚDE (Seguridade)	SANDRA GARCÍA LÁZARO Fisioterapeuta/Profesora Universidad Valladolid	ROBERTO NAVEIRA FILGUEIRAS Licenciado en CC da Educación ALBERTO CASTRO PENA Técnico Deportivo Superior Judo



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	Páx. 4
2. SÍNTOMAS E FORMAS DE CONTAXIO	Páx. 4
3. MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO (COVID-19)	Páx. 5 - 7
A – MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL.....	Páx. 5
B – MEDIDAS DE VENTILACIÓN DAS INSTALACIÓNS.....	Páx. 5
C – MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA	Páx. 6
D – REXISTRO DE ASISTENTES ÁS ACTIVIDADES DEPORTIVAS (Deportistas, staff, público,etc)	Páx. 7
E – OUTRAS MEDIDAS.....	Páx. 7
4. IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN	Páx. 8 - 12
5. ESQUEMA XERAL PROTOCOLO FGJUDOEDA.....	Páx. 14 - 16
5.1. ESPECIFICACIÓNS EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA (SEN CONTACTO).....	Páx. 14
5.2. ESPECIFICACIÓNS ETAPAS COMPETICIÓN NACIONAL (AUTORIZADO CONTACTO).....	Páx. 15
5.2.1. IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN XURDIDAS DA AUTORIZACIÓN DO CONTACTO.....	Páx. 16
6. MODIFICACIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS NAS QUE SE BASEA ESTE PROTOCOLO (ACTUALIZACIÓN DOG 30 SETEMBRO 2020)	Páx. 20
7. COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DA SINTOMATOLOXÍA COVID-19	Páx. 21
8. PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN DE INCIDÊNCIAS (CLUBS, FEDERACIÓN, SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE).....	Páx. 21
8.1. COORDINADOR FISICOVID-DXT GALEGO DOS CLUBS.....	Páx. 22
9. AVALIACIÓN DOS RISCOS DE TRANSMISIÓN DE SARS-COV-2 PARA EVENTOS E ACTIVIDADES MULTITUDINARIAS NO CONTEXTO DE NOVA NORMALIDADE POR COVID-19 NOS PROTOCOLOS FISICOVID-DXTGALEGO ESPECÍFICOS DAS COMPETICIÓNS, EVENTOS E ACTIVIDADES	Páx. 20
ANEXOS I - II - III	Páx. 24 - 26

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federaci3ns da Xunta de Galicia n3 331
Praza Agust3n D3az n3 3 (Polideportivo Elvi3a)– 15008 A CORU3A – TLF. 981.133758 FAX 981.132440



1.- INTRODUCCIÓN

A FGJUDO sensibilizada e preocupada desde o principio e en previsión das consecuencias que esta situación podía xerar, puxo en marcha un Comité de Estratexias fronte ao Covid-19 para paliar na medida do posible o importante impacto negativo para as nosas actividades, clubs e deportistas, para arroupalos durante este período de confinamento e axudarlles a retomar de forma gradual a volta á normalidade.

As directrices das autoridades en materia de reanudación da actividade deportiva, baseadas nas recomendacións do *Consello Superior de Deportes*, e no traballo desenvolto no marco dunha innovadora metodoloxía de traballo da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia non concretan o prazo para retomar a total normalidade das actividades deportivas como o judo e os seus deportes asociados. Con todo, para cada unha das estruturas afiliadas a FGJUDODA, establécese para os profesionais e a quen os acompañan un protocolo de actuación nas mellores condicións de seguridade sanitaria, no marco que na data de publicación deste documento as autoridades sanitarias autorizan.

2.- SÍNTOMAS E FORMAS DE CONTAXIO

Segundo o establecido polas autoridades sanitarias, os síntomas máis habituais da COVID-19 son a febre, a tose seca e o cansancio. Pode haber outros síntomas atípicos e pouco frecuentes como pode ser a dor de garganta, a perda do gusto ou olfato e as dores musculares, entre outros.

Unha persoa pode contraer a COVID-19 por contacto con outra que estea infectada polo virus. A enfermidade propágase principalmente de persoa a persoa a través das gotículas que saen despedidas da nariz ou a boca dunha persoa infectada ao toser, estornudar ou falar. Unha persoa pode contraer a COVID-19 se inhala as gotículas procedentes dunha persoa infectada polo virus. Por eso é importante manterse cando menos a 1,5 metros de distancia dos demais ou uso de máscara se non se pode garantir esa distancia interpersonal de seguridade.

Cabe salientar tamén, que estas gotículas infectadas polo coronavirus poden manterse estables durante varias horas en pequenas partículas flotantes, coñecidas como aerosoles. Daí a importancia de levar a cabo unha correcta e continua ventilación dos espazos pechados. Por outra banda, é importante sinalar que estas partículas poden caer sobre os obxectos e superficies, como mesas, pomos, varandas, material deportivo, etc. de modo que outras persoas poden infectarse se tocan eses obxectos ou superficies e logo tócanse os ollos, o nariz ou a boca. Por elo é importante lavarse as mans frecuentemente con auga e xabón ou con un desinfectante a base de alcól, evitar tocarse os ollos, a boca ou o nariz.

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacions da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña) – 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758 FAX 981.132440



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

3.- MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Todos os axentes que participan directa ou indirectamente na realidade deportiva deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade deportiva.

A. MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con acción virucida dos que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mesturar produtos diferentes.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Cando existan postos de traballo compartidos por máis dunha persoa do Staff, estableceranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixienización destes postos.
- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo.
- Disporase de papeleiras pechadas e con acción non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable que se deberán limpar de forma frecuente, polo menos unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie tamén cando menos unha vez ao día.

B. MEDIDAS DE VENTILACIÓN DAS INSTALACIÓNS

- Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma continuada durante esta e obrigatoriamente ao remate de cada clase/sesión ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.
- Antes do inicio das actividades e do uso de vestiarios, baños, salas, etc.. asegurarse de que estean ben ventiladas e se fixeran as accións sinaladas no párrafo anterior.
- Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña) – 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758 FAX 981.132440



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

C. MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA (Staff, deportistas, acompañantes, público, etc.)

• XERÁIS:

- Deberase manter a distancia de seguridade interpersonal e utilizar máscara en todo momento, salvo naquelas situacións especiais onde se permite retirala no momento da práctica (grupos estables de deportistas en competición nacional onde se solicite autorización e se realicen tests serolóxicos cada 14 días).
- Evitar lugares ategados.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Iso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao toser ou estornudar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Realizar un auto test antes de ir cara a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Detectar síntomas coma febre, tose ou falta de alento.

• DESPRAZAMENTOS AOS ADESTRAMENTOS E ÁS COMPETICIÓNS:

- Non compartir vehículo particular con outras persoas non conviventes, sempre que sexa posible. De non ser así, priorizar formas de desprazamento que favorezan a distancia interpersonal e, en todo caso, utilizar máscara. Ademais é importante un asiduo lavado de mans ou emprego de xel hidroalcohólico antes de entrar e despois de saír do vehículo.

• ALIMENTOS, BEBIDAS E SIMILARES:

- Non se deben compartir alimentos bebidas ou similares. Recoméndase marcar os envases utilizados para evitar confusións.

D. REXISTRO DE ASISTENTES ÁS ACTIVIDADES DEPORTIVAS (Deportistas, staff, público, etc.,...)

- A Entidade organizadora da actividade (club, federación, etc..) deberá dispoñer dun rexistro de asistentes (deportistas, staff, público, etc..) á mesma (adestramento, competición, concentración, tecnificación, etc...), custodiando o mesmo durante polo menos un mes despois da súa celebración, coa información do contacto

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacions da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña)– 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758 FAX 981.132440



dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

E. OUTRAS MEDIDAS

- **Medidas Organizativas.**

- A entidade responsable da actividade deberá garantir que os deportistas dispoñan do material de prevención, xa sexa porque o pon a disposición o titular da instalación, a entidade organizadora da actividade ou porque o traen os propios deportistas, staff, etc...
- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase consonte o establecido no punto anterior a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes.

- **Medidas de Información.**

- A Entidade organizadora da actividade informará a todos os axentes que participen directa ou indirectamente na actividade sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual. Deberá existir unha comunicación continua con todos os axentes da realidade deportiva.
- Facilitaralle ao Staff, deportistas e outros axentes alleos á práctica deportiva, información sobre as medidas de hixiene e seguridade mediante **CARTELERÍA** en puntos clave dos espazos de práctica e acceso á mesma, na páxina web ou redes sociais da entidade e/ou mediante a entrega de documentos, preferiblemente por vía telemática.
- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico-sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade.

- **Medidas de Formación.** Deberase promover a FORMACIÓN, especialmente entre o staff para:

- Adaptar as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento interpersoal, emprego de máscara, etc.). Revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo, de ser así a especificidade da súa práctica deportiva.
- Formación sobre as medidas hixiénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel hidroalcohólico, a colocación correcta da máscara, etc. co obxectivo de implementar estas

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña) – 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758 FAX 981.132440




medidas do contexto da práctica deportiva e tamén para trasladarllas aos deportistas e ao seu entorno co obxectivo de que se consoliden estes hábitos hixiénico-sanitarios.

- Recoméndase que antes das primeiras sesións de adestramento, o staff realice algún simulacro para axustar as medidas propostas neste protocolo á súa realidade e espazos concretos.

4.- IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN

Atende a tres **momentos fundamentais**: antes, durante, e despois da práctica.



✓ CUESTIÓNS XERÁIS A TER EN CONTA:

○ SOBRE O USO DA MÁSCARA:

1. É fundamental a utilización de máscaras autorizadas polas autoridades sanitarias en canto á súa certificación e as máis axeitadas para os nosos deportes: bo axuste e filtración bidireccional no caso da práctica con contacto.
2. O deportista/staff deberán levar SEMPRE unha ou varias máscaras de reposto.
3. É importante ter en conta dous factores:
 - Máscara de materiais resistentes e bo axuste.
 - A máscara de uso habitual debe dispoñer dunha protección fronte ao COVID19 con filtración bidireccional.
4. A entidade organizadora do adestramento/competición debería contar sempre con **máscaras de reposto**.
5. Cada entidade organizadora do adestramento/competición debería desenvolver un proceso formativo práctico básico sobre o uso da máscara na práctica deportiva para o seu staff e deportistas.
6. Incidir na correcta colocación da máscara durante as tarefas de adestramento e na competición.
7. No suposto de que por acción da propia práctica a máscara se rompa, deberá repoñerse; no caso da práctica con contacto, si o deportista/staff dispoñen de máscaras de filtración bidireccional pode reponerse e continuar coa sesión, en caso negativo, deberá facer uso daquela que sexa posible (en todo caso homologada) e cesar o contacto.

○ SOBRE A DISTANCIA DE SEGURIDADE INTERPERSONAL:

Cando falemos de **DISTANCIA DE SEGURIDADE INTERPERSONAL** a indicación mínima será de 1,5m.

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña) – 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758 FAX 981.132440



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

- **SOBRE A TOMA DE TEMPERATURA OBRIGATORIA:** 37° é o admitido como máximo.

En caso de superar esta cifra farase unha nova toma aos 5'. Se de novo a supera non poderá acceder á instalación.

ANTES DO ADESTRAMENTO

STAFF PROPIO

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
ANTES DO ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Desprazamento instalación	Uso da máscara. Evitar compartir transporte con xente coa que non se convive. Distanciamento máximo no caso de compartir transporte con persoas coas que non conviven. Evitar o contacto físico e evitar tocar obxectos do vehículo na medida do posible. Desinfección das partes do vehículo susceptibles de estar en contacto (cintos, manillas das portas, etc.)
ANTES DO ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Interacción con outros empregados do club	Circuitos de acceso unidireccionais á zoa de práctica onde non pode permanecer. MÁSCARA E DISTANCIA DE SEGURIDADE INTERPERSOAL.
ANTES DO ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Acceso á zoa de práctica	Hixienizar mans e pes (se a práctica se efectúa descalzo) previo acceso á zoa correspondente.
ANTES DO ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Uso de baños	Uso de máscara en todo momento Manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m. Respetar as quendas de uso para cumprir aforos. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír.
ANTES DO ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Uso de baños	Uso de máscara en todo momento Manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m. Respetar as quendas de uso para cumprir aforos. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír.
ANTES DO ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO				Recordar as medidas habituais e onde teñen que poñerse en práctica, mediante proxeccións en pantallas que habitualmente se teñen nos centros de adestramento. Formación previa persoal responsable.

DEPORTISTAS

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Saídos en acceso e desaloxo.	MÁSCARA E DISTANCIA DE SEGURIDADE INTERPERSOAL. Verbalizar periodicamente a indicación de NON contacto físico.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS				Recordar as medidas habituais e onde teñen que poñerse en práctica, mediante proxeccións en pantallas que habitualmente se teñen nos

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña) – 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758 FAX 981.132440



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

					centros de adestramento. Formación previa persoal responsable.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Grupo de compañeiros que vaian xuntos á instalación.	MÁSCARA E DISTANCIA DE SEGURIDADE INTERPERSOAL.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Grupo de compañeiros que vaian xuntos á instalación.	Non compartir nada (botellas, comida,...) nos desprazamentos á instalación.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Entrada por zoa única de acceso á instalación.	Espaciar as horas das sesións. Acceso en ringleira mantendo a distancia de seguridade. Uso de máscara.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Uso de baños	Uso de máscara en todo momento Manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m. Respetar as quendas de uso para cumprir aforos. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcólico ao entrar e ao saír.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Uso de baños	Uso de máscara en todo momento Manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m. Respetar as quendas de uso para cumprir aforos. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcólico ao entrar e ao saír.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	ESPAZOS SECUENCIAIS	Uso de vestiarios.	Na medida do posible evitar o uso do vestiario e especialmente da ducha. No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento deberán chegar debidamente cambiados/as da casa. No caso de que se utilice, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un número de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todas as direccións. Organizaranse as quendas que sexan necesarias para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección. Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberán levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas. Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario e estar con máscara en todo momento , salvo que sexa imprescindible ducharse. Neste caso, quitar a máscara exclusivamente para entrar na ducha e colocala de novo tan pronto nos sequemos a cara e cabeza. Evitar falar, berrar, celebracións, etc... mentres esteamos no vestiario
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Traxecto vestiarios-zoa de práctica.	Circuitos de acceso unidireccionais á zoa de práctica onde non pode permanecer e debe manterse a distancia de seguridade interpersoal si se deixou a roupa no vestiario.

OUTROS ALLEOS

MOMENTO	AXENTE	TIPO	SITUACIÓN	MEDIDAS
ANTES DO ADESTRAMENTO	OUTROS ALLEOS	VIA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Interacción dos pais/titores ao levar menores aos adestramentos.
				Recepción e acceso individualizado dos menores na porta de acceso con toma de temperatura, depósito da chaqueta que deberá levar sobre a

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña)– 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758 FAX 981.132440



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

					roupa de adestramento e calzado nas zoas destinadas a tal fin. Outros alleos non poden acceder: modificar ratios dos grupos, espazar as horas suficientemente e ubicación nas beirarrúas segundo sinalización explícita para evitar aglomeracións. Máscara obrigatoria e distancia de seguridade en todos os casos.
ANTES DO ADESTRAMENTO	OUTROS ALLEOS				Recordar as medidas habituais e onde teñen que poñerse en práctica, mediante proxeccións en pantallas que habitualmente se teñen nos centros de adestramento. Formación previa persoal responsable.
ANTES DO ADESTRAMENTO	OUTROS ALLEOS	VIA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Acompañantes de menores agardando no interior da instalación.	Eliminar as zoas de espera. Puntualidade na saída e entrega dos alumnos na porta exterior por parte do responsable. Máscara obrigatoria e distancia de seguridade en todos os casos.



DURANTE O ADESTRAMENTO

STAFF PROPIO

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
DURANTE O ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Desprazamento para xerar explicacións	Asignación de espazos de circulación exclusivos para o docente ou adestrador desde onde exerza o control visual de todos os practicantes. Máscara obrigatoria e distancia de seguridade interpersoal.

DEPORTISTAS

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
DURANTE O ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	VIA AEREA	ESPAZOS ASIGNADOS	Realización de exercicios de moita intensidade que xeren partículas de potencial contaxio.	Máscara obrigatoria e distancia interpersoal. No caso das etapas nas que se permite o contacto, reducir o tempo de tarefa e manter a distancia interpersoal nos tempos de descanso entre tarefas.
DURANTE O ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	MATERIAL DE USO ALTERNO	Sinhai ou espada de bambú (kendo), elásticos, cordas,...	Uso individualizado. En caso de necesidade de uso alterno, desinfección obrigatoria por parte do docente/adestrador previa ao comezo da sesión. Do mesmo xeito, hixienizar previo ao uso de outro deportista.

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. - www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña) - 15008 A CORUÑA - TLF. 981.133758 FAX 981.132440



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

DURANTE O ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL	Desprazamentos pola superficie de práctica.	Separar os tatamis se fose posible e a instalación o permite. En caso contrario acotar a superficie mediante cintas ou o propio material (cintos, cordas,...) para adaptar o espazo ao grupo de traballo.
DURANTE O ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	MATERIAL DE USO SECUENCIAL	Elásticos, balóns medicinais, kettlebell, sinhai ou espada de bambú (kendo), cordas...	Materiais de uso individual na medida do posible. En caso de uso secuencial hixienizar entre tarefas (secuenciar tarefas para facilitar este punto, varias tarefas antes da rotación do material debido ao tempo que supón hixienizar). Eliminar as tarefas con material de uso simultáneo.
DURANTE O ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Uso de baños	Uso de máscara en todo momento Manter a distancia de seguridade interpersal de 1,5 m. Respetar as quendas de uso para cumprir aforos. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír.
DURANTE O ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Uso de baños	Uso de máscara en todo momento Manter a distancia de seguridade interpersal de 1,5 m. Respetar as quendas de uso para cumprir aforos. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír.
DURANTE O ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	USO COMPARTIDO DE BEBIDAS	As bebidas deixanse no interior da sala de práctica sin control.	Botellas con nome si deben situarse nunha zoa xeral habilitada ou dentro da zoa individual delimitada de práctica.

DEPOIS DO ADESTRAMENTO

DEPORTISTAS

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
DEPOIS DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	VIA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Saída da instalación.	Non permanencia na instalación despois de finalizar a sesión. Habilitar horas diferentes exclusivas para a práctica de físico noutras salas.
DEPOIS DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Uso de baños	Uso de máscara en todo momento Manter a distancia de seguridade interpersal de 1,5 m. Respetar as quendas de uso para cumprir aforos. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír.
DEPOIS DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Uso de baños	Uso de máscara en todo momento Manter a distancia de seguridade interpersal de 1,5 m. Respetar as quendas de uso para cumprir aforos. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír.
DEPOIS DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	ESPAZOS SECUENCIAIS	Uso de vestiarios.	Na medida do posible evitar o uso do vestiario e especialmente da ducha. No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento deberán chegar debidamente cambiados/as da casa. No caso de que se utilice, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un número de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todas as direccións.

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. - www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331

Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña) - 15008 A CORUÑA - TLF. 981.133758 FAX 981.132440



					Organizaranse as quendas que sexan necesarias para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección. Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberán levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas. Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario e estar con máscara en todo momento, salvo que sexa imprescindible ducharse. Neste caso, quitar a máscara exclusivamente para entrar na ducha e colocala de novo tan pronto nos sequemos a cara e cabeza. Evitar falar, berrar, celebracións , etc... mentres esteamos no vestiario
--	--	--	--	--	--






5. ESQUEMA XERAL PROTOCOLO FGJUDOEDA

5.1 ESPECIFICACIÓNS ETAPA ESCOLAR INFANTIL E PRIMARIA (SEN CONTACTO)

ACTIVIDADE DEPORTIVA - Protocolo de vixilancia moi alta - Nivel 4

PROHIBIDO O CONTACTO FÍSICO - DISTANCIA 1,5m – MÁSCARA OBRIGATORIA

	CONDICIÓNS DE SAÚDE	TRABALLO ESPECÍFICO
Reanudación do protocolo de actividade tendo en conta o distanciamento social estrito, o uso dunha máscara e os xestos de barreira. Este protocolo permite a realización de moitos exercicios e escenarios, mediante adaptacións educativas específicas, e en particular o Tandoku-Renshu (Traballo só).	• Distancia de seguridade interpersonal. • OBRIGATORIO AUTOTEST (temperatura, fatiga, tos) previo á actividade. • TOMA DE TEMPERATURA OBRIGATORIA para todos os participantes nos adestramentos. • Barreira xestos covid-19. • Cunha máscara EN TODO MOMENTO.	• Tandoku-rensushu (traballo só) ou con material educativo. • Habilidades motoras básicas e técnicas Tachi-Waza e Ne-Waza • Ukemi, Posturas, Coordinación, Mobilidade, etc. • Recomendación da publicación: JUDO, sesiones COVID. Autores: Eduardo Galán e Vicente Carratalá (Directores Escolas Federativas galega e nacional, respectivamente) – libre descarga www.fgjudo.com





5.2 ESPECIFICACIÓNS ETAPAS COMPETICIÓN NACIONAL – A PARTIR DA CATEGORÍA INFANTIL (1º ESO). AUTORIZADO CONTACTO (D.O.G. 18 SETEMBRO 2020)

ACTIVIDADE DEPORTIVA - Protocolo de vixilancia alta - Nivel 3 AUTORIZADO O CONTACTO FÍSICO - DISTANCIA 1,5m nas pausas – MÁSCARA OBRIGATORIA

	CONDICIÓNS DE SAÚDE	EN XERAL
